



PREGUNTA ORAL SOBRE O PECHE DO CENTRO BTT DA SUSANA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois dun longo proceso, iniciado en 2014 e que supuxo a rehabilitación da Escola Unitaria para a súa posta en valor como centro vinculado fundamentalmente ao turismo e ao deporte, en marzo de 2017 déronse a coñecer as instalacións do novo Centro de Bicicletas Todo Terreo (BTT) na Susana anunciando o inicio da súa actividade para o mes de maio daquel ano. Con todo, non sería ata o mes de setembro cando se abriron ao público estas instalacións, promovendo os servizos alí ofrecidos a través dunha páxina web en internet e da publicación de trípticos de distribución pública.

Con independencia do curioso funcionamento dun servizo que incluía o alugueiro de bicicletas de paseo que non se adaptaban aos itinerarios deseñados e propostos desde o propio centro (con seis itinerarios discorrendo maioritariamente por camiños de terra e pistas de monte, entre bosques e terreos húmidos con fortes desniveis, dos que unicamente un deles se consideraba de nivel "fácil"), o certo é que o centro permaneceu aberto durante o outono e boa parte do inverno. Chegado o mes de febreiro as bicicletas que se ofrecían foron retiradas e a finais dese mesmo mes o centro pechaba as súas portas, colgando no exterior un cartel no que aínda hoxe se pode ler: "*Fin de tempada BTT A Susana. A partir do 1 de marzo o Centro BTT A Susana permanecerá pechado por fin de tempada*".

Para quen se achegue a estas instalacións como persoa usuaria ten que causar perplexidade que un centro aberto hai menos de un ano leve case catro meses pechado e máis aínda que o motivo aducido para o seu peche -"fin de tempada"- coincida co remate co inminente inicio da primavera e continúe cando comeza o verán, xustamente a época con mellores condicións para os percorridos ciclistas e turísticos.

En relación con esta cuestión, fórmulase a seguinte pregunta:

Quen -e con que criterio- decidiu poñerlle fin á tempada do Centro BTT da Susana ao comezo do mes de marzo, porque se ten ocultado esta circunstancia, mesmo na páxina web, e cando se vai volver abrir ao público nas debidas condicións?

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Popular